

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE MUÍÑOS

*CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE 2 XEFES/AS DE BRIGADA, 2 PEÓNS/PEOAS CONDUTORES/AS E 6 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS PARA A FORMACIÓN DE DÚAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS*

Convocatoria para a contratación laboral que se indica segundo as bases aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local do 05/05/2025.

1. Número e denominación das prazas: (Convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural): 2 xefes/as de brigada, 2 peóns/peoas condutores/as e 6 peóns/peoas forestais para a formación de dúas brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.

2. Modalidade de contratación: contrato laboral de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (disposición adicional quinta do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo).

3. Duración do contrato: 3 meses.

4. Sistema de selección: concurso-oposición.

5. Prazo e lugar de presentación de instancias: nos cinco días hábiles seguintes ao de publicación do presente anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

6. Exposición de bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello (<http://www.concellomuinos.com>) e na sede electrónica deste concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>]

Muíños, na data da sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño.

**R. 1.063**

